



OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2022 Enfermeiro/a especialista en enfermmería pediátrica

2º EXERCICIO: PARTE ESPECÍFICA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Específico Parte teórica**" entre os números **E1** e **E55** e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "**Específico Parte práctica**" entre os números **E56** e **E110** da "FOLLA DE RESPOSTAS"
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Cal das seguintes substancias contidas no glute dos cereais pode precipitar a enfermidade celíaca?

- A) Alanina.
- B) Gliadina.
- C) Glutamina.
- D) Isoleucina.

2. A Organización Mundial da Saúde (OMS) considera a adolescencia como o período comprendido entre:

- A) Os 10 e 24 anos.
- B) Os 10 e 19 anos.
- C) Os 12 e 16 anos.
- D) Os 14 e 18 anos.

3. Segundo a Iniciativa para a Humanización da Asistencia ao Nacemento e a Lactancia (IHAN), a que idade é recomendable a introdución da alimentación complementaria?

- A) 2 meses.
- B) 4 meses.
- C) 6 meses.
- D) 10 meses.

4. Sinala a resposta correcta sobre o modelo NIDCAP (Neonatal Individualized Developmental Care and Assessment Program):

- A) Ten, como obxectivo principal, o desenvolvemento sostible e perdurable do medio ambiente dentro das unidades de neonatoloxía.
- B) Inclúe o apoio á lactación materna, excepto para os acabados de nacer con idade xestacional superior a 34 semanas e peso maior a 2500 g.
- C) Ten, por obxectivo principal, o coidado do microambiente do acabado de nacer e a familia.
- D) Busca o desenvolvemento neurosensorial do acabado de nacer prematuro ou enfermo a través de intervencións dirixidas a optimizar o macroambiente, o microambiente e a participación da familia.

5. En canto á conservación das vacinas, é certo que:

- A) Deben manterse a unha temperatura entre 2 e 8°C.
- B) Deben protexerse da luz directa.
- C) Non deben colocarse na porta da neveira.
- D) Todas son correctas.

6. Segundo o Decreto 38/2015, de 26 de febreiro, que regula a xestión de residuos sanitarios de Galicia, cal dos seguintes NON está catalogado como residuo sanitario perigoso de clase III?

- A) Residuos de citotóxicos e citostáticos.
- B) Residuos de vacinas con axentes vivos ou atenuados.
- C) Filtros de alta eficacia de campás de fluxo laminar.
- D) Residuos de animais de experimentación, cadáveres e restos anatómicos de animais infectados ou inoculados con axentes infecciosos.

7. En canto á esterilización de material coa técnica de calor seco en forno Poupinel, cal das seguintes afirmacións é verdadeira?

- A) O forno Poupinel non é de calor seca, é de vapor.
- B) A calor seca require unha curta exposición.
- C) A calor seca ten un efecto corrosivo sobre os metais.
- D) A calor seca, por conduction, alcanza todas as superficies dos artigos que non se poden desmontar.

8. Sinale a opción INCORRECTA sobre a educación sexual en adolescentes:

- A) A educación sexual axuda a coñecer os límites que as parellas deben establecer na súa relación.
- B) A educación sexual precoz favorece o chamado "sexo seguro".
- C) A educación sexual estimula o inicio precoz das relacións sexuais.
- D) A educación sexual non se debe impartir unicamente no centro educativo.

9. Cal dos seguintes NON é un factor de risco asociado coa conduta suicida na infancia e a adolescencia?

- A) Nivel educativo medio-alto.
- B) Sexo masculino.
- C) Sufrir bullying ou cyberbullying.
- D) Acontecementos vitais estresantes.

10. Que se define como "a relación entre os resultados asistenciais e os recursos utilizados e os seus custos"?:

- A) A eficiencia.
- B) A economía social.
- C) A calidade do produto.
- D) A rendibilidade.

11. Segundo as recomendacións da European Resuscitation Council (ERC), en relación ás compresións torácicas nunha RCP pediátrica, cal das seguintes afirmacións é correcta?

- A) A profundidade das compresións torácicas en nenos debería ser polo menos un terzo do diámetro anteroposterior do tórax.
- B) En lactantes a profundidade debe ser uns 6 cm.
- C) En todos os nenos, comprimir o terzo inferior do esterno.
- D) A frecuencia das compresións debe ser entre 120–130 por minuto.

12. En que situación poderá interromperse voluntariamente o embarazo segundo a lexislación vixente?

- A) Ter 16 anos, ser informados os representantes legais e dentro das 16 primeiras semanas de xestación.
- B) Ter 16 anos, sen necesidade do consentimento dos representantes legais e dentro das primeiras 14 semanas de xestación.
- C) Ter 18 anos, sen consentimento dos representantes legais e dentro das primeiras 14 semanas de xestación.
- D) Ter 18 anos, sen consentimento dos representantes legais e dentro das primeiras 22 semanas de xestación.

13. Cal dos seguintes criterios diagnósticos segundo o DSM-5 NON presentará un adolescente cun patrón de xogo patolóxico, problemático e persistente?

- A) Necesidade de apostar cantidades de diñeiro cada vez maiores.
- B) Escasa realización de esforzos para controlar, reducir ou abandonar o xogo.
- C) Mentir para ocultar o seu grao de implicación no xogo.
- D) Ter frecuentemente a mente ocupada con apostas.

14. Respecto á pneumonía, sinale a FALSA:

- A) Non existe correlación entre o grao de taquipnea do neno e a gravidade da pneumonía.
- B) Pode ser, entre outros, de orixe bacteriana ou vírica.
- C) O vómito e a diarrea poden predominar ao principio da enfermidade, sobre todo no lactante.
- D) Existe unha sintomatoloxía variable segundo cal sexa o microorganismo causante da pneumonía.

15. Respecto ás características morfolóxicas do acabado de nacer prematuro, sinale a afirmación correcta:

- A) Extremidades inferiores en flexión.
- B) Testículos na bolsa escrotal ao nacemento.
- C) Lanugo abundante.
- D) Cartílagos grosos, orella rixida.

16. Cal das seguintes vacinas é vírica atenuada?

- A) Febre amarela.
- B) Meningococo C.
- C) Cólera oral.
- D) Pneumococo.

17. O acabado de nacer prematuro, debido á súa inmaduridade, ten maior tendencia a presentar:

- A) Hiperglicemia.
- B) Hipertermia.
- C) Hipertensión arterial.
- D) Déficit na síntese de surfactante.

18. Cales son as vantaxes das probas cutáneas para a detección de alerxias? Indique a INCORRECTA:

- A) Son inmediatas e pódense facer durante a consulta.
- B) Son de baixo custo.
- C) Existe unha gran variedade de alérxenos para facer o estudo alérgico.
- D) Teñen efectos secundarios importantes.

19. Que capítulo do Código Deontolóxico da Enfermería Española refírese aos dereitos do neno para crecer en saúde e dignidade, como obrigação ética e responsabilidade social?

- A) IV.
- B) V.
- C) VII.
- D) X.

20. Ante a morte inminente dun paciente neonatal, o persoal de enfermería realizará as seguintes accións, EXCEPTO:

- A) Manterá a escoita activa coa familia.
- B) Non se pretenderá acelerar nin atrasar a morte.
- C) Manterá ao paciente en situación de confort, realizando contención e aliviando a dor.
- D) Dará esperanza á familia.

21. De que enfermidade son un signo patognomónico as manchas de Koplik?

- A) Parotidite.
- B) Rubeola.
- C) Varicela.
- D) Sarampelo.

22. Con que escala avaliamos a calidade de resposta do neonato e a cantidade de estimulación que necesita?

- A) EVA.
- B) Apgar.
- C) Tanner.
- D) Brazelton.

23. O fármaco coñecido como Mesna, que finalidade ten nos tratamentos de quimioterapia infantil?

- A) Prevención de cistite hemorráxica.
- B) Prevención dos vómitos.
- C) Protección da mucosa gástrica.
- D) Protección da mucosa rectal.

24. Enfermería Baseada na Evidencia (EBE) consta dunha serie de etapas. Cal é a primeira?

- A) Deseño da investigación.
- B) Localizar evidencias mediante a procura bibliográfica.
- C) Formulación dunha pregunta relacionada cun problema ou incerteza da práctica.
- D) Avaliación crítica da bibliografía.

25. En relación á alerxia aos peixes sinala a INCORRECTA:

- A) O alérxeno principal é unha proteína chamada parvalbúmina.
- B) Na poboación española o galo ou rapante é o peixe que con máis frecuencia produce alerxia.
- C) Son frecuentes as alerxias coa exposición ao vapor do cociñado do peixe.
- D) A alerxia ao peixe detéctase mediante a detección da IgG específica aos peixes.

26. No consello nutricional aos pais de nenos de 2 a 6 anos, inclúense os seguintes EXCEPTO:

- A) Levar unha dieta variada, que inclúa alimentos de todos os grupos.
- B) Limitar o acceso a alimentos e bebidas de alto contido calórico e baixo en nutrientes.
- C) Evitar o uso da comida ou alimentos concretos como recompensa.
- D) Utilizar complementos proteicos e vitamínicos antes da práctica deportiva.

27. Que test detecta a alteración na visión das cores?

- A) Test de Hirschberg.
- B) Test de Farnsworth– Munsell.
- C) Test de Ishihara.
- D) Test de Bruckner.

28. As queimaduras máis frecuentes en nenos menores de 5 anos son:

- A) Eléctricas.
- B) Lume.
- C) Químicas.
- D) Escaldadura.

29. Cal NON é unha categoría diagnóstica incluída na NANDA-I?

- A) Diagnóstico enfermeiro real.
- B) Diagnóstico enfermeiro de risco.
- C) Diagnóstico de promoción da saúde.
- D) Diagnóstico de autocoidado.

30. En que situación a vía rectal é a vía de elección na administración de fármacos?

- A) Paciente incapaz de inxerir a medicación por vía oral.
- B) Medicamentos que irriten a mucosa gástrica ou que son destruídos polas enzimas dixestivas.
- C) Medicamentos que polo seu sabor ou olor son intolerables pola vía oral.
- D) Todas son correctas.

31. Cal NON é unha etapa do proceso de atención de enfermería (PAE)?

- A) Valoración.
- B) Entrevista.
- C) Diagnóstico.
- D) Avaliación.

32. En relación á Táboa de Haizea Llevant, marque a INCORRECTA:

- A) É un instrumento que permite comprobar o nivel de desenvolvemento cognitivo, social e motor de nenos e nenas de 0 a 5 anos.
- B) Os seus datos proceden de poboación infantil do noso medio: obtivéronse dunha mostra aleatoria de nenos e nenas das Comunidades Autónomas de Cataluña e do País Vasco.
- C) Consta de 97 elementos que valoran o desenvolvemento.
- D) Non establece signos de alerta.

33. A que categoría corresponde unha úlcera por presión (UPP) coa definición "Eritema non branqueador na pel íntegra"?

- A) Categoría I.
- B) Categoría II.
- C) Categoría III.
- D) Categoría IV.

34. Sinala a resposta INCORRECTA sobre a leucemia linfoblástica aguda:

- A) É máis frecuente e de mellor prognóstico que a leucemia mieloide aguda.
- B) A clínica adoita ser aguda, presentando un 60% dos casos hepatoesplenomegalia e adenopatías, así como anemia, sangrado e/ou febre.
- C) A incidencia a nivel mundial é maior en nenos de etnia hispánica.
- D) Ten un pico de incidencia entre 10 e 14 anos de idade.

35. Realizar cambios para implantar a mellora proposta, segundo PDCA, correspóndese coa fase:

- A) Do.
- B) Plan.
- C) Act.
- D) Check.

36. En canto á asma infantil, cal das seguintes afirmacións NON é correcta?

- A) É a patoloxía crónica máis prevalente na infancia.
- B) Os corticoides inhalados son o 2º chanzo no tratamento de mantemento, por detrás dos beta 2-agonistas de acción curta.
- C) Pode ser causada por diferentes axentes: infecciosos, alérxenos, exercicio físico...
- D) As probas de función pulmonar como a espirometría, proporcionan datos para confirmar o diagnóstico.

37. En canto ao control de temperatura nun RN (recentemente nado), é certo que:

- A) Non é necesario ofrecerlle neutralidade térmica, xa que o RN ten mecanismos propios de produción de calor grazas ao metabolismo da graxa parda.
- B) A hipertermia pon en marcha no RN mecanismos de aforro metabólico.
- C) A hipotermia obrígalle a gastar moita enerxía e pode ocasionarlle apneas ou hipoglucemia.
- D) A temperatura normal nun RN debe manterse ente 35,5 °C e 37,5 °C.

38. Como podemos acceder a E-Saúde?

- A) Con CHAVE 365.
- B) Con certificado dixital.
- C) Con DNI electrónico.
- D) Todas son correctas.

39. Con que taxa se corresponde a seguinte definición? "Total de nacementos, de nai dun determinado ámbito ocorridos nun ano, por cada 1.000 mulleres en idade fértil (de 15 a 49 anos de idade) de dito ámbito":

- A) Taxa de natalidade.
- B) Taxa de mortalidade neonatal.
- C) Taxa global de fecundidade.
- D) Taxa de mortalidade por sexo.

40. Nas táboas de crecemento de Orbegozo un talle de 110 cm aos 6 anos corresponde a un percentil 25 da distribución do talle das nenas de dita idade. Que significa esta expresión?

- A) O 25% das nenas de 6 anos miden máis de 110 cm.
- B) O 25% das nenas de calquer idade miden 110 cm ou menos.
- C) O 25% das nenas de 6 anos miden 110 cm ou menos.
- D) O 75% das nenas de 6 anos miden 110 cm ou menos.

41. Cal dos seguintes incidentes non se debe comunicar no SiNASP?

- A) Un paciente en Urxencias, baixo os efectos do alcol, agrídenos causándonos lesións.
- B) Preparamos a insulina para administrarlle a un paciente equivocado, pero dámonos conta a tempo e non lla inxectamos.
- C) Administramos por erro un antibiótico a un paciente alérxico e provocámoslle unha reacción alérxica.
- D) Administramos por erro un paracetamol IV ao paciente da cama 1, cando era o da cama 2 o que o tiña pautado. Non lle ocasionamos con este incidente ningún dano ao paciente 1.

42. Segundo a Carta Europea dos Nenos Hospitalizados recoñécese:

- A) Dereito a recibir unha información adaptada á súa idade, o seu desenvolvemento mental, o seu estado afectivo e psicolóxico, con respecto ao conxunto do tratamento médico ao que se lle somete e ás perspectivas positivas que devandito tratamento ofrece.
- B) O dereito para negarse (por boca dos seus pais ou da persoa que os substitúa) como suxeitos de investigación e a rexeitar calquera coidado ou exame cuxo propósito primordial sexa educativo ou informativo e non terapéutico.
- C) Dereito a non recibir tratamentos médicos inútiles e a non soportar sufrimentos físicos e morais que poidan evitarse.
- D) Todas son correctas.

43. Que estadio do desenvolvemento puberal feminino se corresponde con gromo mamario, aréolas e mamilas sobresaen coma un cono e lanuxe escasa nos beizos?

- A) Estadio 1.
- B) Estadio 2.
- C) Estadio 3.
- D) Estadio 4.

44. Dos seguintes tipos de sonda sinale, cal aconsellaría para unha técnica de autosondaxe?

- A) Sonda Foley.
- B) Sonda Robinson.
- C) Sonda Dufoir.
- D) Sonda Tieman.

45. Respecto ao Programa Galego de Detección Precoz de Enfermidades Endocrinas e Metabólicas, sinala a FALSA:

- A) Galicia conta cunha das carteiras de cribado neonatal máis ampla de todo o Estado.
- B) É preciso que seque totalmente o antiséptico antes de puncionar o talón xa que esa mínima cantidade de antiséptico pode alterar os resultados das probas.
- C) Para evitar falsos positivos en fenilcetonuria, a proba realizarase 48 horas tras iniciar o bebé a alimentación proteica.
- D) As zonas de elección para a obtención de mostras de sangue son os laterais do talón do acabado de nacer.

46. O fármaco de elección ante unha intoxicación aguda por paracetamol é:

- A) Flumaceniil.
- B) Protamina.
- C) Naloxona.
- D) N-acetilcisteína.

47. O día 5 de maio celébrase o Día Mundial da Hixiene das Mans. En canto á técnica de lavado de mans con auga e xabón, cal das seguintes afirmacións NON é correcta?

- A) O proceso debe durar entre 60 e 90 segundos.
- B) Fregar as palmas das mans entre si.
- C) Usar xabón sobre as mans molladas con auga.
- D) Secar cunha toalla de papel refugable.

48. Como se denomina ao fenómeno paradoxal de hipoglucemia nocturna seguida de hiperglucemia en xaxún?

- A) Fenómeno Somogy.
- B) Fenómeno do Alba.
- C) Hiperglicemia nocturna.
- D) Cetoacidose.

49. Nas estratexias Sergas 2020 inclúense proxectos como: potenciar a atención a problemas de saúde mental infanto-xuvenil, abordaxe integral á dor infantil co programa "Tolerancia Zero á dor infantil", detección e intervención ante o maltrato infantil, mellora da atención ante a obesidade infantil e protección da lactación materna. Dentro de que eixo estratéxico se atopan?

- A) Atención integral adaptada ás necesidades dos pacientes, familiares e cuidadores.
- B) Profesionais comprometidos e coidados pola organización.
- C) Xestión eficiente que contribúa á sustentabilidade do sistema sanitario.
- D) As infraestruturas, equipamentos sanitarios e sistema de información adaptados ás necesidades dos pacientes e profesionais.

50. Dentro da entrevista clínica, a cualidade que determina a seguridade coa que desempeñamos o noso papel como profesionais, é:

- A) A empatía.
- B) O respecto.
- C) Asertividade.
- D) A cordialidade.

51. No procedemento de administración de medicación por vía ótica. Sinale a resposta INCORRECTA:

- A) Colocar ao paciente en decúbito lateral, sobre o lado contrario ao oído onde se instila a medicación, ou sentado, coa cabeza inclinada cara o lado contrario.
- B) Rotular o envase coa data de apertura (só se usará ata un mes despois da apertura) e será de uso individual.
- C) Nos nenos maiores de dous anos, aliñar o conduto auditivo estirando suavemente o pavillón da orella en dirección cara arriba e cara atrás.
- D) Nos nenos menores de dous anos, aliñar o conduto auditivo estirando suavemente o pavillón da orella en dirección cara arriba e cara atrás.

52. Cal das seguintes NON é un sinal de alerta dun trastorno da alimentación na infancia e adolescencia?

- A) Non progresión adecuada do desenvolvemento pondoestatural.
- B) Acumular alimentos na boca e non tragar.
- C) Estado de ánimo lineal.
- D) Diminución das relacións sociais.

53. Cal dos seguintes NON é un reflexo arcaico propio do RN (recentemente nado)?

- A) Moro.
- B) Succión.
- C) Babinski.
- D) Presión plantar.

54. Cal é o test de cribado máis empregado en Atención Primaria para valorar a escoliose idiopática do adolescente?

- A) Test de Silverman – Anderson.
- B) Test de Apgar.
- C) Test de Adams.
- D) Escala de Tanner.

55. Cal das seguintes é unha posible complicación do gran queimado?

- A) Infección.
- B) Choque hipovolémico.
- C) Úlcera de curling.
- D) Todas son correctas.

56. Kevin é un neno que non ten o calendario vacinal completo. Vive en España desde hai 3 meses e acode á nosa consulta do centro de saúde con malestar, febre leve e unha erupción cutánea prurixinosa que se iniciou con máculas que se foron transformando en pápulas e vesículas. De que enfermidade sospeitaremos que se trata?

- A) Varicela.
- B) Sarampelo.
- C) Escarlatina
- D) Exantema súbito ou roséola.

57. Na historia clínica de Pedro aparece reflectido que ten a síndrome de Edwards. Que anomalía cromosómica caracteriza esta síndrome?

- A) Trisomía 21.
- B) Trisomía 13.
- C) Trisomía 18.
- D) Trisomía 8.

58. Nun paciente postcirúrxico de 3 anos, que escala de valoración da dor utilizarías?

- A) Escala de LLANTO.
- B) Escala DSVNI.
- C) Escala AMIEL-TISON.
- D) Escala CRIES.

59. Ten que administrarlle a un lactante de 8kg de peso unha dose de paracetamol de 120mg. Dispón dunha solución oral de paracetamol a unha concentración de 100mg/ml. Cantos mililitros (ml) de solución lle administraremos?

- A) 12ml.
- B) 1,2ml.
- C) 1,5ml.
- D) 9,6ml.

60. Vostede é colaborador docente para a formación dos enfermeiros residentes de pediatría (EIR). Está a ensinalles o manexo da nutrición parenteral. Sobre este tema, indique a opción INCORRECTA:

- A) As solucións de nutrición parenteral hanse de administrar a través dun filtro terminal.
- B) As nutricións parenterais deben estar protexidas da luz, para evitar a xeración de oxidantes. Para iso utilízanse bolsas multicapa.
- C) As liñas de infusión tamén han de ser especiais e protexer o contido da luz.
- D) Para a administración de nutrición parenteral por vía venosa periférica, a osmolaridade ten que ser superior a 900 mOsm/l.

61. Na unidade neonatal na que traballa, ten dous pacientes poscirúrxicos. En relación á escala CRIES que utiliza para valorar a dor, indique a opción INCORRECTA:

- A) As variables para puntuar son 5.
- B) A maior puntuación, menos dor.
- C) A puntuación máxima é 10.
- D) Valórase o período de sono.

62. Antía é unha nena de 3 anos que acode ao servizo de Urgencias coa parella da súa nai. Presenta diferentes hematomas en diferentes graos de evolución, distribuídos por varias zonas do corpo (costas, xenitais, brazos, cara interna das coxas...). O acompañante refire que a nena sufriu unha caída polas escaleiras o día anterior. Cal sería a nosa primeira sospeita diagnóstica?

- A) Púrpura trombocitopénica.
- B) Hemofilia.
- C) Traumatismos debidos á caída pola escaleira.
- D) Traumatismos non accidentais.

63. Acode a urgencias un lactante de 18 meses de idade tras sufrir un episodio de crise convulsiva no domicilio. Cal é a etioloxía máis frecuente da crise nesta idade?

- A) Encefalopatía hipóxico- isquémica.
- B) Tumor cerebral.
- C) Febre.
- D) Alteracións hidroelectrolíticas.

64. Marcos está ingresado en UCI Neonatal. A súa nai consumiu drogas durante o embarazo. Das seguintes escalas, cal usaría vostede para detectar e valorar a síndrome de abstinencia neonatal (SAN)?

- A) Escala de caras.
- B) Sistema de puntuación FLACC.
- C) Escala de Likert.
- D) Escala de Finnegan.

65. Tras 40 semanas de xestación Esther ten á súa filla Carolina por cesárea. Como debemos actuar?

- A) Non lle aplicaremos a Carolina o tratamento profiláctico da infección oftálmica, debido a que ao nacer por cesárea non atravesou a canle de parto e non o necesita.
- B) Administraremos profilaxe antihemorráxica con 1 mg de vitamina K IM, excepto que os pais manifestaran a súa intención de que sexa administrada VO.
- C) Non poñeremos a Carolina pel con pel coa nai mentres acaban coa cirurxía porque pode entorpecer o traballo dos profesionais.
- D) No momento en que Esther sexa trasladada de reanimación á súa habitación, será o momento adecuado de poñelas pel con pel.

66. Como enfermeira pediátrica, solicítanlle unha charla sobre alimentación saudable para os alumnos dun colexio de Educación Primaria. Prepara unha infografía coa Pirámide de Alimentación Saudable da Sociedade Española de Nutrición Comunitaria. Cales son as recomendacións que se indican na base da devandita pirámide? Marque a opción INCORRECTA:

- A) Actividade física diaria (60 minutos).
- B) Equilibrio emocional.
- C) Técnicas culinarias saudables.
- D) Inxesta de zumes de froita natural.

67. Dos seguintes cuidados de enfermería que se deben aplicar a un neonato sometido a fototerapia, indica o INCORRECTO:

- A) Débense protexer os ollos e as gónadas.
- B) Realizáranse cambios posturais frecuentes.
- C) Se é necesario extraer mostras de sangue faranse coa luz da lámpada acesa.
- D) Control de temperatura frecuente.

68. Pablo, de 14 anos e 9 meses de idade, atópase ingresado na planta de hospitalización con diagnóstico de queimadura. Que utilizaría para valorar a superficie corporal queimada deste paciente?

- A) Regra do 9 de Wallace.
- B) Método palmar.
- C) Regra de Lund-Browder.
- D) Todas son correctas.

69. Manuel foi remitido á nosa consulta para facer unha espirometría. Ten 11 anos e xa tivo 3 crises de broncoespasmo xogando ao fútbol no recreo. Como é un neno moi curioso, pídenos que lle expliquemos que imos medirlle coa proba. Contámoslle que, entre outros, imos pescudar que cantidade de aire é capaz de mover durante unha expiración máxima tras unha inspiración máxima. De que concepto estamos a falarlle?

- A) Capacidade vital forzada.
- B) Fluxo inspiratorio máximo.
- C) Índice de Tiffeneau.
- D) Capacidade pulmonar total.

70. Alonso é un recentemente nado de 3.050g de peso e 40 semanas de idade xestacional. Debe administrarlle o anticorpo fronte ao virus respiratorio sincitial (VRS) antes da alta hospitalaria. Cal será o lugar anatómico de elección para a súa administración?

- A) Cara anterolateral externa da coxa.
- B) Deltoides.
- C) Cara ventral do antebrazo.
- D) Intranasal.

71. Carmen, nai solteira de 45 anos, conseguiu tras 6 fecundacións in vitro quedarse embarazada de xemelgos. Está moi ilusionada coa idea de darlles o peito, e así nolo fixo saber. Os xemelgos naceron con baixo peso. Como actuaremos?

- A) Explicarémolles que dar o peito a 2 nenos á vez é moi complicado, e máis á súa idade.
- B) Explicarémolles que o máis fácil é en cada toma, a un darlle o peito e a outro un biberón de leite de fórmula.
- C) Axudaráselle na súa decisión e fomentaremos a LM.
- D) Non pode primar a decisión da nai sobre a saúde dos menores. Os nenos teñen baixo peso e deben ser alimentados con fórmula artificial especial para RN con baixo peso, baixo prescrición facultativa.

72. Como colaboradora docente dos EIR de pediatría, dará unha sesión sobre manexo da dor no paciente neonatal. Cal dos seguintes enunciados é INCORRECTO?

- A) Aos acabados de nacer prematuros non se lles debe administrar analxésicos.
- B) Os neonatos teñen ao nacer suficiente madurez do sistema nociceptivo para sentir dor.
- C) O comportamento (expresión facial, pranto, movementos corporais) é unha forma de resposta á dor.
- D) Entre as respostas fisiolóxicas á dor atópanse: alteración da frecuencia cardíaca, presión sanguínea, frecuencia respiratoria e saturación de osíxeno.

73. Debe obter un acceso venoso nunha nena de 8 anos que sufriu un traumatismo craneoencefálico tras caer dun muro de 1,5 metros. Decide colocarlle unha vía intraósea. Sinala a resposta INCORRECTA:

- A) É unha alternativa eficaz e segura á vía intravenosa.
- B) Serve para administrar fármacos, fluídos e hemoderivados.
- C) Calquiera fármaco ou solución que poida ser administrada por vía intravenosa pode ser administrada por vía intraósea na mesma dose e cantidade.
- D) Un dos seus inconvenientes é que non permite a extracción de mostras sanguíneas.

74. A Santiago realizáronlle, no servizo de Urgencias, un Mantoux. Acode á nosa consulta do centro de saúde para interpretar a reacción. Sinala a correcta:

- A) Virá ás 24 horas da inoculación para realizar a lectura.
- B) Mediremos só a área indurada.
- C) Mediremos a zona indurada e tamén o eritema que a circunda, se existise.
- D) Mediremos o diámetro maior do eritema si este é irregular.

75. Paula é unha adolescente que presenta un cadro de sudoración profusa, palpitacións e sensación de afogo. Explícanos que ten medo a "volverse tola" ou a perder o control. Tamén refire ter medo a morrer. Non é a primeira vez que lle pasa: sempre se manifesta de forma súbita e imprevisible, e dúralle só uns minutos. En que cadro psiquiátrico se podería encaixar esta sintomatoloxía?

- A) Fobia.
- B) Trastorno de pánico.
- C) Ansiedade excesiva.
- D) Trastorno antisocial.

76. Ten un neno ingresado cun peso menor a 18 kg, con fractura de fémur. Colócaselle unha tracción na que se flexionan ambas as cadeiras a 90 graos, mantendo os xeonllos en extensión e suspendendo as pernas mediante poleas e pesos. Que nome recibe esta tracción?

- A) Tracción de Buck.
- B) Tracción de Russell.
- C) Tracción Dunlop.
- D) Tracción de Bryant.

Información nutricional	Por 100 g	Por ración de 30 g
Valor energético		
KJ	1580	474
Kcal	372	112
Proteínas		
g	7	7
Hidratos de carbono		
Total (g)	84	25,5
Azúcar (g)	8	2,5
Almidón (g)	76	23
Grasas		
Total (g)	0,9	Trazas

77. Pablo (12 anos) ten Diabetes Tipo I. Estamos a ensinarlle a calcular as racións de hidratos de carbono. Na imaxe inmediatamente anterior a este enunciado móstrase a etiqueta dunha caixa de cereais. Que cantidade de alimento contén unha ración de hidratos de carbono?

- A) 21 gramos de alimento contén unha ración de hidratos de carbono.
- B) 23 gramos de alimento contén unha ración de hidratos de carbono.
- C) 11,9 gramos de alimento contén unha ración de hidratos de carbono.
- D) 25,5 gramos de alimento contén unha ración de hidratos de carbono.

78. Ante un lactante consciente cunha obstrución da vía aérea por un corpo extraño e tose ineficaz, sinala a actuación apropiada:

- A) Alternar 5 golpes interescapulares con 5 compresiones torácicas.
- B) Alternar 5 golpes interescapulares con 5 compresións abdominais.
- C) Tentar retirar o corpo extraño cos dedos en forma de gancho e administrar 5 ventilacións de rescate.
- D) Iniciar reanimación cardiopulmonar con masaxe cardíaca e ventilación 15:2.

79. Ten na súa unidade unha nena cunha perfusión continua de Metotrexato a doses altas durante 24 horas, precisará rescates con:

- A) Ácido folínico.
- B) Ondansetrón.
- C) Oxibutinina.
- D) Dexclorfeniramina.

80. Estás traballando na unidade de coidados intensivos pediátricos, tes que calcular a superficie corporal queimada (SCQ) de Catalina segundo a regra dos 9 modificada para pediatría. Se sabemos que a idade da paciente é de 1 ano e que presenta queimaduras de segundo e terceiro grao en tórax, abdome e perna dereita, cal sería a súa SCQ?

- A) SCQ de 47%.
- B) SCQ de 54%.
- C) SCQ de 31%.
- D) SCQ de 62%.

81. Marta é a nai de Marcos, un neno de 12 anos. Acode á nosa consulta moi preocupada, e cóntanos que desde hai unhas semanas Marcos xa non quere ir ao instituto. Quéixase frecuentemente de dores abdominais e cefaleas. Ademais, está empezando a suspender algúns exames e di que non ten amigos. Veo triste, e ás veces, fáltanlle obxectos persoais da súa mochila. Que podemos pensar que lle está pasando?

- A) Ten depresión.
- B) Sofre grooming.
- C) Sofre maltrato físico infantil.
- D) Está sufrindo acoso entre pares.

82. Acode ao seu centro de saúde unha nena por infección do tracto urinario. O principal microorganismo causal é:

- A) Klebsiella.
- B) Escherichia coli.
- C) Proteus mirabilis.
- D) Enterobacter cloacae.

83. Alvaro (9 anos), ingresa na Unidade de Pediatría cun diagnóstico de debut diabético sen cetose asociada. Na realización do plan de coidados de enfermería atribúeselle o diagnóstico NANDA "Risco de nivel de glicemia inestable (00179)". Cal das seguintes opcións NON se trata dunha actividade de enfermería asociada a este diagnóstico?

- A) Ensinar ao paciente e familia os signos e os síntomas, factores de risco e tratamento da hipoglicemia.
- B) Fomentar o autocontrol dos niveis de glicosa en sangue sempre baixo a estrita supervisión de pais ou adultos.
- C) Ensinar ao paciente e familia a levar un diario de comidas.
- D) Conduta de mantemento de peso.

84. Vostede traballa na unidade de coidados intensivos neonatais. Avísanlle de que vai recibir un novo ingreso e que terá que ter dispoñible unha incubadora. Qué grao de humidade seleccionaría no dispositivo?

- A) A mínima posible, xa que a termorregulación aumenta coa exposición a calor seco.
- B) Tanto maior canto maior sexa o grao de inmadurez do recentemente nado.
- C) 20%, independentemente da idade xestacional e o peso do bebé.
- D) As incubadoras non posibilitan modificar a humidade do dispositivo.

85. Óscar é un neno de 6 anos que está intubado e con ventilación mecánica. Cal dos seguintes NON é un modo de ventilación mecánica invasiva?

- A) VC: Ventilación controlada.
- B) OH: Osíxeno hiperbárico.
- C) SIMV: Ventilación mandatoria intermitente sincronizada.
- D) PS: Presión soporte.

86. Hai un neno de 6 anos ingresado na túa unidade por queimaduras tras un incendio no seu domicilio. Ten afectado o tronco, segundo a táboa de Lund–Browder modificada para avaliar a porcentaxe de queimadura total na superficie corporal en nenos. Que porcentaxe tería afectada?

- A) 9%.
- B) 18%.
- C) 13%.
- D) 15%.

87. Pedro é un lactante de 20 días de vida que acode a urxencias por vómitos non biliosos que segundo a nai, cada vez son máis frecuentes e “en escopeta”, pero que o neno queda irritable e con fame. Dos seguintes problemas, cal pode ser?

- A) Atresia esofáxica.
- B) Refluxo gastroesofáxico.
- C) Estenose pilórica.
- D) Enfermidade de Hirschsprung.

88. Acode un neno de 8 anos a urxencias cunha fractura no brazo dereito, tras unha caída nas camas elásticas. De entre os seguintes tipos de fracturas, que tipo é propia da idade pediátrica?

- A) Fractura Deütschlander.
- B) Fractura espiroidea.
- C) Incurvación plástica.
- D) Fractura conminuta.

89. Mario (12 anos), está na nosa consulta para educación nutricional. Que consellos lle daríamos sobre hábitos saudables. Indique a opción INCORRECTA:

- A) Actividade física diaria.
- B) Picar entre horas.
- C) Evitar bojería.
- D) Verduras polo menos dúas veces ao día.

90. María é unha adolescente que ten un trastorno alimentario caracterizado por: atracóns seguidos de comportamentos compensatorios inapropiados para previr o aumento de peso, como o uso de laxantes, vómito autoinducido ou exercicio excesivo. Ten un IMC de 26. De que trastorno se trata?

- A) Bulimia nerviosa tipo purgativo.
- B) Anorexia nerviosa tipo compulsivo/purgativo.
- C) Trastorno da conducta non especificado.
- D) Trastorno por atracón.

91. Ingresa un neno de 6 meses con lactación materna exclusiva para realización dunha intervención cirúrxica. Que tempo de xaxún necesita?

- A) De 2 horas antes.
- B) De 4 horas antes.
- C) De 6 horas antes.
- D) De 8 horas antes.

92. Laura, de 6 anos de idade, é diagnosticada de epilepsia con ausencias da infancia. Que característica presenta este tipo de epilepsia?

- A) As ausencias preséntanse múltiples veces ao día, tódolos días.
- B) Presentan breves momentos de detención brusca da conciencia.
- C) Cesamento brusco e amnesia do episodio.
- D) Todas son correctas.

93. Como calcularía a taxa de mortalidade infantil en España no ano 2022?

- A) Calcúlase facendo o cociente entre o número de mortes de nados vivos menores de 28 días no ano 2022 e o total de nados vivos no ano 2022, por mil.
- B) Calcúlase facendo o cociente entre o número de mortes de nados vivos menores de 28 días no ano 2022 e o total de nados vivos no ano 2022, por cen.
- C) Calcúlase facendo o cociente entre o número de mortes de nados vivos menores dun ano no ano 2022 e o total de nados vivos no ano 2022, por mil.
- D) Calcúlase facendo o cociente entre o número de mortes de nados vivos maiores de 28 días no ano 2022 e o total de nados vivos no ano 2022, por mil.

94. Laura é unha acabada de nacer que acaba de ingresar na nosa unidade de neonatoloxía. Cando a exploramos, notamos que ten unha mínima hinchazón na cabeza. Ao día seguinte vemos que esa hinchazón mínima transformouse nunha masa branda e fluctuante que non cruza suturas craneais. De que se trata?

- A) Caput succedaneum.
- B) Craneotabes.
- C) Craneosinostose.
- D) Cefalohematoma.

95. Celia está embarazada de 27 semanas de xestación. Debido a que padece preeclampsia, decídese facer unha cesárea urxente. O seu fillo Nuno é trasladado á UCIN e á súa chegada á unidade presenta cianose, polipnea e tiraxe. Decídese realizar intubación endotraqueal para poñer ventilación mecánica invasiva. Cal das seguintes NON é unha medida adecuada?

- A) A reanimación, á súa chegada á UCIN, farase con O₂ ao 100 %.
- B) Administrarémolles surfactante pulmonar.
- C) Proporcionarémolles confort térmico e postural.
- D) No respirador marcaremos a FiO₂ mínima necesaria para manter a PO₂ arterial entre 50–60 mmHg.

96. Nena de 18 meses que é levada a urxencias cun cadro de inicio súbito de dor abdominal tipo cólico; a nena flexiona os xeonllos, chora, está pálida e repítese cada 15 minutos. Esta situación é compatible con:

- A) Apendicite.
- B) Enfermidade de Crohn.
- C) Enfermidade de Hirschsprung.
- D) Invaginación.

97. Nun neno de 5 anos que acode a urxencias por vómitos persistentes asociados a un cadro de gastroenterite aguda, que fármaco, en dose única, sería de elección para o manexo dos vómitos, antes de introducir a terapia de rehidratación?:

- A) Metoclopramida.
- B) Domperidona.
- C) Ondansetrón.
- D) Haloperidol.

98. Sonia é unha nena prematura de 30 semanas de xestación. Tras o seu ingreso na UCIN canalízase a vea umbilical e inicia sueroterapia. Tres días despois cámbiase a nutrición parenteral total (NPT), e o sétimo día de vida inicia alimentación trófica con costro. En que momento realizaremos as probas de detección precoz de metabolopatías?

- A) Como sempre, ás 48 horas de vida.
- B) Tras 48 horas de iniciar a NPT.
- C) Tras 48 horas de iniciar a alimentación con costro.
- D) Tras 48 horas de iniciar a NPT, e repetiranse aos 15 días de vida por ser un bebé pretérmino.

99. As principais manobras exploratorias para diagnosticar a luxación conxénita de cadeira no recentemente nado son as manobras de Barlow e Ortolani. Na clínica da cadeira displásica, cando a cabeza femoral atópase no acetábulo, pero pode desprazarse cunha manobra e posteriormente reducirse denomínase:

- A) Cadeira inestable.
- B) Cadeira luxable.
- C) Cadeira luxada.
- D) Cadeira subluxable.

100. Pedro (8 anos), ten unha Diabetes Mellitus tipo I. Estando consciente presenta unha glicemia de 70 mg/dl. Que NON fariamos?

- A) Canalizar unha vía periférica e administrar un bolo de soro glicosado.
- B) Ofrecer alimentación rica en hidratos de carbono de acción rápida.
- C) Unha vez superado o momento agudo, ofrecer hidratos de carbono de absorción lenta.
- D) Se a hora da comida está próxima, empezaría polos hidratos de carbono.

101. A hospital de día pediátrico chega un neno diagnosticado dun tumor de Wilms, trátase de:

- A) Tumor maligno de células pequenas e redondas que xeralmente afecta á porción diafisaria do tecido linfático.
- B) Masa asintomática, firme e lobulada situada á beira da liña media do abdome.
- C) É un tumor cerebral que se produce no cuarto ventrículo da fosa posterior.
- D) É un glioma do tronco encefálico.

102. Á nosa consulta chega Lucía, unha paciente que presenta unha reacción de hipersensibilidade tipo III localizada no brazo dereito trala administración dunha vacina (Fenómeno tipo Arthus). Que vacina puido ser a causante deste fenómeno?

- A) Triple vírica.
- B) Td (tétano-difteria).
- C) Meningococo ACWY.
- D) Variola.

103. Atópase na triaxe de urxencias pediátricas do seu hospital; á chegada de todo paciente a Urxencias, debe ser valorado inicialmente mediante o Triángulo de Avaliación Pediátrico (TEP). O TEP é unha avaliación rápida, nuns segundos (máximo un minuto) e NON valora:

- A) Circulatorio.
- B) Signos e síntomas.
- C) Aparencia.
- D) Respiratorio.

104. Elisa está ingresada na planta de maternidade na que vostede traballa. Ten dúbidas sobre lactación materna e solicita a súa axuda. Cal dos seguintes criterios segundo a Guía de Práctica Clínica sobre Lactación Materna do Ministerio de Sanidade e Servizos sociais e Igualdade, faríalle pensar que NON existe un bo inicio ou instauración da lactación materna?

- A) A boca do lactante está ben aberta.
- B) Hai menos aréola visible por baixo do queixo que por riba da mamila.
- C) Hai sons de chupeteo por parte do acabado de nacer.
- D) Non hai dor.

105. Cal é o índice de masa corporal (IMC) de Mario, de 12 anos, cuxo peso é de 50 kg e a súa estatura é de 150 cm?

- A) 22,22 kg/m²
- B) 2,22 kg/m²
- C) 22 kg/m
- D) 2,2 kg/m

106. Na exploración a un neno no servizo de Urxencias, vemos que estando deitado na padiola en decúbito supino coas cadeiras flexionadas a 90 graos, é incapaz de estender os xeonllos pasivamente sen dor. Que signo positivo ten?

- A) Brudzinsky.
- B) Kerning.
- C) Rixidez de caluga.
- D) Blumberg.

107. Hoxe, na súa quenda de traballo, ten ao seu cargo tres pacientes: un acabado de nacer a termo e dous prematuros. Das seguintes escalas de valoración da dor, cal NON usaría:

- A) CRIES.
- B) PIPP.
- C) NIPSS.
- D) WONG BAKER.

108. Cal das seguintes escalas utilizarías para valorar o risco de úlceras por presión (UPP) a Sara, unha nena de 3 anos de idade?

- A) FLACC.
- B) Braden Q.
- C) Zarit.
- D) Parkland.

109. Cal é o saldo vexetativo dunha poboación no ano 2022 se naceron 450.000 persoas e faleceron 300.000?

- A) 150.000.
- B) -150.000.
- C) 1.500.
- D) 150.

110. Durante o parto un bebé presenta unha diminución da mobilidade ou sensibilidade no membro superior dereito. Sospéitase dunha parálise do plexo braquial pero neste caso só afecta á man, como se lle coñece?

- A) Parálise de Déjèrine-Klumpke.
- B) Parálise de Duchenne-Erb.
- C) Parálise de Bell.
- D) Ningunha é correcta.